

Fonética e fonoloxía

PUNTO DE ARTICULACIÓN MODO DE ARTICULACIÓN	BILABIAL		LABIO DENTAL		LINGUO DENTAL		INTER DENTAL		ALVEOLAR		PALATAL		VELAR		FARÍNXEIO	
	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S	X	S
OCCLUSIVO	/p/	/b/			/t/	/d/							/k/	/g/		
FRICATIVO			/f/				/θ/	/s/		/ʃ/					/h/	
AFRICADO										/tʃ/						
NASAL		/m/							/n/		/ɲ/		/ŋ/			
LATERAL									/l/		/ʎ/					
VIBR	Simple								/r/							
	Múltiple								/r̄/							

Os fonemas nasais /m/ /n/ /ɲ/ /ŋ/

En galego existen catro fonemas nasais:

- bilabial /m/ (mesa)
- alveolar /n/ (neno)
- palatal /ɲ/: (puño)
- velar /ŋ/ (unha)



Os fonemas nasais coñecen unha única realización na marxe inicial de sílaba (mel/noz/leña/), mais na **marxe final** (implosiva) **neutralizan** o seu punto de articulación e será o contexto o que determinará o tipo de son nasal.

Na **marxe final de sílaba**, a realización velar [ŋ] é a máis frecuente: algunha, ensinar, amnistia, nunca, domingo, inmediato, inmenso, non , ven aquí, non é aquí). Non obstante, o -n final das palabras **non**, **sen**, **nin**, **ben**, **tamén**, **quen**, **alguén** e **ninguén** seguidas das formas do pronome átono de terceira persoa do CD (o, a, os, as) pronúncianse como alveolares (non como velares) [n]. O mesmo acontece co -n final dos verbos seguidos dos pronomes átonos (enclíticos): contaron o segredo: contaron.

Exemplos de n velar /ŋ/:

- *Non é verdade* pronúnciase [noŋ. ɛ...]
- *Alguén fixo o traballo* [...ŋ ...]

Exemplos de -n pronunciada como alveolar /n/:

- *Non o quero* [nono kɛro]---- alveolar (*Non quero* [noŋ kɛ...])--- velar
- *Non o sei* ['nono seɟ]
- *Tamén o fixo* [ta'mɛno 'fiɟ]
- *Nin a vin* ['nina '...]
- *Alguén o vería* [...ɥɛno ...]